

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE FEBREIRO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

674/07.- Desproi Promociones S.L.- Nave industrial, sen uso determinado, na parcela 74 sita no Sector 1 do SUNP-37 de Costa Vella.-

665/07.- Transportes Frigoríficos Narval, S.L.- Nave industrial e apertura (**Lap/115/07**) de actividade de transporte de mercancías na parcela B -23 do vial b, no SUNP-34.-

1644/07.- Elena López Mariño.- Edificio (2 viv.) na Rúa Fontiñas.-

TRÁMITE DE EXCEPCIÓN.-

2292/07.- Sat Visonos Bermúdez.- Legalización da ampliación executada na granxa de visóns sita no Lugar de Coto de Casais, Lavacolla.- (-).-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

2234/04.- Manuel Alonso Alonso, en calidade de liquidador da Entidade Carnorte, S.A.- expte.....fianza no Sector 1º do SUNP.37 de Costa Vella para responder das cargas de urbanización derivada da edificación executada.....13.938.713 ptas.....83.773,35 €.-

ACEPTACIÓN DE CESIÓN DO VIARIO VINCULADO Á LICENZA.-

1896/06.- Jeso, S.A.- Edificio na Avda. de Lugo núm.28.-

OCIHR

LICENZAS

LIC/969/2007.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS Nº 22.- Reforma no núcleo de escaleiras para instalación dun ascensor na Rúa Horreo nº 22.

LIC/2118/2005.- JESO S.L.- Subsunción de erro cometido na licenza de obra concedida pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago na sesión 08/01/08 de xeito que a descrición da mencionada licenza se corresponda cunha obra de "Construcción de dous edificios para un total de 4 vivendas e dous locais comerciais". Na Rúa Basquiños nº 32-34.

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

DIS/997/2007.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Devolución de fianza de 601 € prestada para responder de posibles danos por ocupación da vía pública na rúa do Pexigo de Arriba, nº 28.

DIS/1238/2007.- COSTRUCCIONES RODRÍGUEZ Y BARCALA SL.- Devolución de fianza de 601 € prestada para responder de posibles danos por ocupación da vía pública na rúa da Costa do Vedor, 10.

DIS/1282/2007.- DICONSA DISEÑO Y CONTRUCCIÓN SA.- Devolución de fianza de 601 € prestada para responder de posibles danos por ocupación da vía pública na Praza de San Martiño, 2.

DIS/1276//2007.- MARÍA DEL CARMEN PAZOS SEXTO.- Devolución de fianza de 601 € prestada para responder de posibles danos por ocupación da vía pública na rúa da Angustia, 4.

DISCIPLINA.-

DIS/1047/2007.- desestimación de alegacións da resolución de expediente sancionador por infracción á ordenanza local de ocupación vía pública con mesas e cadeiras.

DIS/1057/2007.- desestimación de alegacións da resolución de expediente sancionador por infracción á ordenanza local de ocupación vía pública con mesas e cadeiras.

DIS/1056//2007.- desestimación de alegacións da resolución de expediente sancionador por infracción á ordenanza local de ocupación vía pública con mesas e cadeiras.

4.- Propostas de desestimación de alegacións contra a imposición de sancións por infraccións á ordenanza local reguladora da ocupación de vía pública con mesas e cadeiras.

Desestímense as alegacións e impóñense as correspondentes sancións.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 19.200 euros.

6 a 101.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios.

102.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación de Asistencia técnica para o asesoramento técnico en Prevención de Riscos Laborais do Concello de Santiago.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 18.000 euros.

103.- Adxudicación do Servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recaudatoria, padrón de habitantes e convocatorias electorais.

Acórdase a contratación para o ano 2008 do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadatoria, padrón de habitantes e convocatorias electorais e a súa adxudicación a T-Systems por un importe de 28.641 euros.

104.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación das Obras varias de mantemento e reparación nos Centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello.

Apróbase un orzamento de 58.539 euros, o prego o inicio do expediente de contratación.

105.- Proposta da concelleira delegada de Servizos relativa á responsabilidade patrimonial dunha empresa.

Declárase a inexistencia de responsabilidade do Concello de Santiago polos danos materiais nun vehículo causados por un contedor de lixo sen anclar e atribúese a responsabilidade á empresa URBASER, que aboará ao indenmizado a cantidade de 872 euros.

106.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio do Concello a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial LOMBA MARTINEZ XOSE MARIA S.L.N.E como Iniciativa Local de Emprego.

107.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude dunha subvención para o desenvolvemento do Programa "Acción educativa na rúa e familias en situación de ruptura".

Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha subvención por importe de 42.075 euros para o desenvolvemento do programa "Acción educativa na rúa e familias en situación de ruptura". A achega municipal é de 21.955 euros.

108.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á sinatura do convenio de colaboración co Centro Asociado da Coruña da UNED e o Concello, para a realización de prácticas polo alumnado.

Acórdase a sinatura do convenio de colaboración co Centro asociado da Coruña da Universidade Nacional de Educación a Distancia, e o Concello co obxecto de que os estudantes da devandita universidade poidan complementar a formación teórica coa formación práctica que require o desenvolvemento de actividades profesionais.

109.- Proposta da concelleira delegada de Cemiterios relativa á revisión de tarifas pola utilización dos servizos do tanatorio de Boisaca.

Apróbase a revisión das tarifas.

110.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do plan de dinamización das escolas rurais de Compostela - Ludoteca itinerante Troularte.

Apróbase o programa de animación sociocultural para nenos e nenas de idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos nas escolas rurais de Compostela e un orzamento de 8.865 euros para o seu desenvolvemento ata o mes de xuño de 2008.

111.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do programa municipal de educación viaria e na autoprotección ¿Onde está o perigo?.

Apróbase un orzamento de 19.258 euros.

112.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do orzamento para a realización do campionato nacional feminino de seleccións autonómicas de fútbol.

Apróbase un orzamento de 3.000 euros para o devandito campionato, que terá lugar o 23 e 24 de febreiro en Santa Isabel e nas Cancelas.

113.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da realización do Campionato CROSS DE GALICIA.

Acórdase a celebración do campionato Cross de Galicia o 24 de febreiro no Monte do Gozo e apróbase un orzamento de 13.650 euros.

114.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á fixación de prazo para cumprimento de condicións no Proxecto de equidistribución da unidade de actuación número 7 (UA-7) do PERI-7. Ponte Pedriña.

Acórdase fixar un prazo de tres meses para o cumprimento das devanditas condicións.

115.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto de expropiación para a execución do vial de acceso a Formarís para as conexións exteriores do enlace da N-550 cos ámbitos industriais SUNP-37.3, SUNP-38 e FINSA en Santiago de Compostela.

Apróbase o inicio do procedemento de expropiación forzosa do vial de acceso a Formarís para as conexións exteriores do enlace da N-550 cos ámbitos industriais SUNP-37.3, SUNP-38 e FINSA en Santiago de Compostela. Así mesmo, sométese o proxecto a información pública polo prazo dun mes.

116.- Aprobación de actas de cesión de terreos para a execución do proxecto de "Beirarrúas en Vite de Arriba".

Apróbanse as devanditas actas.

117.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do Plan de Formación Continua 2008 do Concello.

Apróbase o plan e un orzamento de 119.905 euros.

118.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento de xefe de servizo da Oficina de Rehabilitación Histórica.

Apróbase o nomeamento de Javier Fernández Muñoz como xefe de servizo da Oficina de Rehabilitación da Cidade Histórica polo sistema de libre designación.

119.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación do proxecto de ordenanza reguladora do uso de hortas municipais constituídas en espazos públicos ou do outorgamento das súas autorizacións de uso.

Apróbase o devandito proxecto de ordenanza.

URXENCIAS

1.- Acórdase nomear ao xurado do I Premio Internacional “Compostela” de Álbums ilustrados, que se fallará o 2 de abril, coincidindo co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

2.- Apróbase o nomeamento dos membros do Consello Municipal de Xuventude.